Cuestionario de autoavaliación para os traballadores e as traballadoras

Unidade de competencia.	Código.	Nivel.
Colaborar no proceso de certificación enerxética de edificios	UC1195_3	3

Cualificacións profesionais e títulos de formación profesional asociados á unidade de competencia.

Cualificación profesional.	Código.	Nivel.
Eficiencia enerxética de edificios	ENA358_3	3
Título de formación profesional.	**Código.**	**Nivel.**
Proxectos de edificación	SEOC01	Grao superior
Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica	SENA01	Grao superior

Por favor, lea atentamente as instrucións seguintes.

Conteste a este cuestionario de xeito sincero. A información recollida nel ten carácter reservado, ao estar protexida polo disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
O seu resultado servirá soamente de axuda, orientando en que medida posúe a competencia profesional da unidade de competencia.
Non se preocupe, con independencia do resultado desta autoavaliación, vostede ten dereito a participar no procedemento de avaliación, sempre que cumpra os requisitos da convocatoria.

, de de 201

A persoa candidata

O asesor ou a asesora

Sinatura: nome, apelidos e DNI

Sinatura: nome, apelidos e DNI

Instrucións para cubrir o cuestionario.

Cada actividade profesional principal (APP) componse de varias actividades profesionais secundarias (APS).
Lea atentamente cada APP e a continuación as súas APS. En cada APS marque cunha cruz o indicador de autoavaliación que considere máis axustado ao seu grao de dominio das APS. Eses indicadores son os seguintes:

1. Non o sei facer.
2. Pódoo facer con axuda.
3. Pódoo facer sen precisar axuda.
4. Pódoo facer sen precisar axuda, e mesmo podería formar outro traballador ou traballadora.

		Indicadores de autoavaliación			
APP1	**Colaborar na comprobación de que os parámetros construtivos dun edificio situado nunha zona climática determinada satisfagan as condicións legais mínimas establecidas para limitar a súa demanda enerxética, empregando as ferramentas e os programas informáticos homologados para ese fin.**	1	2	3	4
APS1.1	Calcular os parámetros construtivos característicos dos pechamentos e das particións interiores que compoñen a envolvente térmica do edifico utilizando, de ser o caso, as ferramentas e os programas informáticos homologados de aplicación.				
APS1.2	Comparar os parámetros construtivos do edificio cos datos mínimos que esixe a normativa, en cumprimento da limitación da demanda enerxética, utilizando, de ser o caso, as ferramentas e os programas informáticos homologados de aplicación.				
APS1.3	Comprobar que as condensacións que se produzan na superficie e no interior dos pechamentos se atopen dentro dos límites legais establecidos.				
APS1.4	Comprobar que as infiltracións de aire do edificio que orixinen perdas enerxéticas se atopen dentro dos límites legais establecidos para unhas condicións normais de utilización do edificio.				
APS1.5	Avaliar o cumprimento da limitación da demanda enerxética do edificio mediante o método de comparalo co correspondente edificio de referencia, utilizando, de ser o caso, as ferramentas e os programas informáticos homologados de aplicación.				

		Indicadores de autoavaliación			
APP2	**Colaborar na cualificación enerxética de edificios, en proxecto ou construídos, consonte a metodoloxía establecida pola normativa de aplicación e empregando os programas informáticos homologados para ese fin.**	1	2	3	4
APS2.1	Considerar a achega dos sistemas solares pasivos e de protección solar no proceso de cálculo da demanda enerxética.				
APS2.2	Considerar o rendemento medio horario das instalacións de calefacción, auga quente, aire acondicionado, ventilación e iluminación no proceso de cálculo do consumo de enerxía final.				
APS2.3	Calcular os sistemas de climatización ou produción de electricidade baseados en fontes renovables de enerxía, e a electricidade producida por coxeneración, e determinar a súa influencia na satisfacción da demanda enerxética do edificio.				
APS2.4	Introducir os datos obtidos sobre a demanda enerxética do edificio no programa informático de referencia, para calcular o consumo enerxético do edificio.				
APS2.5	Determinar as características do edificio de referencia necesarias para obter a cualificación segundo o establecido regulamentariamente.				
APS2.6	Obter o índice de cualificación enerxética do edificio coas fórmulas establecidas regulamentariamente, os datos calculados e os obtidos de documentos recoñecidos.				
APS2.7	Cubrir as especificacións técnicas requiridas pola etiqueta ou a acreditación legal da cualificación enerxética, consonte a normativa.				

		Indicadores de autoavaliación			
APP3	**Contribuír á elaboración da documentación relacionada coa planificación e a xestión administrativa no proceso de certificación enerxética de edificios.**	1	2	3	4
APS3.1	Obter e realizar os cronogramas necesarios para planificar cada fase do proceso da certificación enerxética de edificios, tendo en conta as fases e os prazos esixidos.				
APS3.2	Elaborar a documentación esixida para a obtención da certificación enerxética provisional e definitiva de edificios, así como o seguimento dos procesos administrativos correspondentes.				

		Indicadores de autoavaliación			
APP3	**Contribuír á elaboración da documentación relacionada coa planificación e a xestión administrativa no proceso de certificación enerxética de edificios.**	1	2	3	4
APS3.3	Xestionar a documentación esixida para a actualización, a renovación e, de ser o caso, a mellora da certificación enerxética de edificios, conforme as condicións que estableza o órgano competente.				
APS3.4	Levar a cabo a información e o asesoramento relacionados co proceso de certificación enerxética dirixidos ao propietario, ao usuario ou ao promotor, directamente ou mediante a preparación de documentación necesaria para ese fin.				

		Indicadores de autoavaliación			
APP4	**Organizar e controlar a correcta aplicación das normas e as medidas de prevención de riscos, seguridade, saúde e ambientais nas operacións de inspección da certificación enerxética de edificios.**	1	2	3	4
APS4.1	Identificar e controlar os riscos profesionais derivados da intervención de inspección da certificación enerxética de edificios.				
APS4.2	Supervisar e controlar a xestión, o despregamento e a correcta colocación de infraestruturas de seguridade da certificación enerxética.				
APS4.3	Supervisar o emprego, o funcionamento e o estado de conservación dos equipamentos de seguridade e protección persoais utilizados nos labores de inspección, para garantir a súa operatividade.				
APS4.4	Supervisar a aplicación do plan de seguridade no relacionado coas instalacións térmicas e o edificio.				
APS4.5	Supervisar o plan de emerxencias relacionado co proceso de inspección da certificación enerxética de edificios.				
APS4.6	Avaliar e controlar os riscos de tipo ambiental derivados do proceso de inspección da certificación enerxética de edificios, para adoptar as medidas preventivas ou correctoras oportunas.				